

Guía práctica
para a
elaboración das
candidaturas dos
Grupos de
Desenvolvemento
Rural



PROGRAMA LEADER GALIZA 2007-2013



FEADER
Europa inviste no rural

ÍNDICE

1. Introducción	2
2. Os Grupos de Desenvolvemento Rural: características e proceso de constitución	2
2.1. Características dos GDR	3
2.2. Proceso de constitución dos GDR	3
3. Territorio de actuación	4
4. Programa de desenvolvemento	6
4.1. Análise e diagnóstico	7
4.2. Determinación de estrangulamentos e potencialidades	8
4.3. Obxectivos	8
4.4. Liñas de actuación	9
4.5. Indicadores	12
4.6. Complementariedade con outros fondos	12
5. Plan de cooperación	13
6. Normas para a xestión do programa	14
6.1. Límites de axuda pública máxima.....	14
6.2. Criterios para a selección e priorización de proxectos.....	15
6.3. Mecanismos que garantan os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia.....	19
6.4. Equipo xestor e sede do GDR	19
6.5. Plan de difusión	20
6.6. Outros aspectos da xestión	21
7. Estrutura da documentación a elaborar	21
8. Contacto e información	23

1. Introducción

Esta guía pretende ser unha axuda e achegar información de interese para todas as persoas implicadas na elaboración das candidaturas dos **Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR)**, que se van encargarse de deseñar e executar en cada territorio o plan de desenvolvemento enmarcado dentro do Programa Leader Galiza 2007-2013.

O presente documento ten só carácter orientativo. En caso de dúbida ou necesidade de maior precisión cumprirá recorrer á normativa da convocatoria que será publicada no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo, na fase de definición dos programas, no suposto de que se detecten cuestións non suficientemente resoltas nesta guía procederase e elaborar versións actualizadas da mesma, que se irán publicando na páxina web de Agader.

Leader é o acrónimo de “**L**igazón **E**ntre as **A**ctividades de **D**esenvolvemento da **E**conomía **R**ural”. Este programa responde á descentralización das políticas de desenvolvemento rural. O obxectivo é que as persoas que habitan nos diferentes territorios rurais deixan de ser meros destinatarios destas políticas, para converterse en protagonistas do seu propio desenvolvemento.

As **notas definitorias da metodoloxía Leader** son as seguintes:

- **Enfoque abaixo-arriba:** xa que o plan de desenvolvemento é definido e aplicado polos axentes de cada territorio.
- **Partenariados locais entre axentes públicos e privados:** a peza central da metodoloxía Leader ven constituída polos GDR: conxunto de axentes públicos e privados que define e aplica un plan de desenvolvemento para o territorio. Os GDR contan cunha equipa técnica e están dotados de poder de decisión na planificación das medidas e na selección dos proxectos que van ser apoiados.
- **Estratexia definida a nivel local:** a actuación dos GDR ten que basearse nun plan de desenvolvemento adaptado ao seu territorio, que responda ás necesidades e potencialidades que este presente.
- **Innovación:** entendida non só como innovacións tecnolóxicas, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
- **Deseño e aplicación multisectorial:** o plan de desenvolvemento debe estar baseado na interacción entre os axentes dos distintos sectores económicos.
- **Traballo en rede:** o plan para cada territorio ten que ir unido ao establecemento de vínculos con outros territorios rurais.
- **Proxectos de cooperación con outros territorios:** tanto galegos como do resto do Estado ou doutros países da Unión Europea.

2. Os Grupos de Desenvolvemento Rural: características e proceso de constitución

O programa Leader de cada territorio deséñao e execútao un Grupo de Desenvolvemento Rural: asociación constituída polas institucións públicas e entidades

privadas dos ámbitos económico, social, cultural, veciñal e ambiental, con implantación na zona e que decidan involucrarse no desenvolvemento do seu territorio.

2.1. Características dos GDR

- Asociación sen fins de lucro.
- Conxunto representativo dos axentes públicos e privados dos diversos concellos que integran o ámbito de actuación do GDR.
- Principio de “portas abertas”: tanto no momento da súa constitución como posteriormente están obrigados a admitir a calquera entidade que desexe participar no programa de desenvolvemento e que demostre unha implantación e actividade mínima no territorio.
- Poderán ser socios dos GDR as institucións públicas locais, asociacións, cooperativas, comunidades de montes veciñais, organizacións profesionais agrarias, etc. Non poderán formar parte dos GDR as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais.
- Nos órganos de decisión dos GDR os representantes do sector privado terán que ser maioría (máis do 50% dos votos).
- Ademais, nos órganos de decisión deberán estar representados obrigatoriamente: cooperativas agrarias, organizacións profesionais agrarias, asociacións de mulleres e asociacións de mozos e mozas, sempre que existan entidades deste tipo implantadas no territorio e presentes no GDR.

2.2 Proceso de constitución dos GDR

Unha vez concluídas as reunións informativas que se foron realizando por toda Galiza nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2008, é o momento de ir dando pasos de cara á configuración dos GDR.

Para axudar nese labor Agader difundiu a relación das entidades, no ámbito territorial de cada GDR, que fixeron chegar a súa manifestación de interese para participar no programa. Esta listaxe actualízase semanalmente na páxina web de Agader, mentres sigan chegando manifestacións de interese de máis entidades.

No caso de que algunha ou algunhas entidades xa tomaran a iniciativa para ir configurando o correspondente GDR, é necesario que se contacte ou se convoque a todas as entidades que manifestaron interese nese territorio, porque Agader comprobará que as candidaturas que se presenten unha vez aberta a convocatoria inclúan en cada territorio como membros do GDR, polo menos, todas as entidades que manifestaron o seu interese en participar.

A fase de constitución dos GDR ten que ser protagonizada e dirixida polos axentes do territorio, e nese sentido o papel de Agader limitarase a velar porque sexa un proceso aberto a todos, respectando a autonomía na organización de cada GDR.

De cara a ir avanzando na configuración dos GDR e na elaboración das candidaturas propónse a seguinte secuencia operativa:

1. Logo dos primeiros contactos podería constituírse, en cada territorio, unha **comisión xestora**, máis ou menos formalizada, na que houbera representación do conxunto de sectores e dos distintos concellos que conformen o territorio.
2. Esa xestora sería a encargada de **ir contactando con máis entidades**, de cara á súa incorporación ao GDR. As listaxes de entidades que manifestaron

interese difundidas por Agader non son exhaustivas e é previsíbel que en cada zona haxa máis entidades que queiran participar no programa. É importante, polo tanto, que se faga un esforzo para ampliar a base dos GDR.

3. Ese proceso debe culminar coa celebración dunha **Asemblea constituinte**, na que como mínimo: se aproben os Estatutos do GDR (na páxina web de Agader pode encontrarse un modelo de estatutos), se escolla unha Xunta Directiva e outros posíbeis órganos e se estableza o plan de traballo para elaborar o programa de desenvolvemento e os restantes documentos necesarios para presentar a candidatura. A esa Asemblea constituinte terán que ser convocadas todas as entidades que manifestaron formalmente o seu interese en participar no GDR, ademais das que expresen o desexo de incorporarse ao longo dos contactos previos.
4. Despois da Asemblea constituinte, co GDR xa formalmente constituído, debería comezarse a **definir o programa de desenvolvemento para o territorio**.

3. Territorio de actuación

Á hora de delimitar o ámbito de actuación do programa Leader Galiza, de cara a facer a maior extensión posíbel das potencialidades desta metodoloxía, incluíuse como elixíbel todo o territorio rural galego, entendido en sentido amplo: a totalidade de Galiza, coa exclusión das entidades de poboación de máis de 2.000 habitantes e parques empresariais sitos nos concellos non comprendidos nas Zonas de Reequilibrio do *Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010*.

A partir dese criterio xeral, procedeuse a establecer un mapa de GDR, compaxinando o enfoque “abaixo-arriba” propio da metodoloxía Leader coa necesaria planificación xeral por parte de Agader. Con ese fin, desde o mes de setembro de 2007 efectuouse un proceso participativo e de consulta con axentes dos distintos territorios, con propostas, achegas e debates de diversa índole. Como resultado dese proceso, definíronse os seguintes 31 GDR ou áreas de actuación Leader para o período 2007-2013:

GDR-1: ALFOZ, BURELA, FOZ, LOURENZÁ, MONDOÑEDO, VALADOURO (O), CERVO, OUIROL, VICEDO (O), VIVEIRO XOVE, BARREIROS, RIBADEO, TRABADA

GDR-2: ABADÍN, BEGONTE, CASTRO DE REI, COSPEITO, GUITIRIZ, MURAS, PASTORIZA (A), VILALBA, XERMADE

GDR-3: BALEIRA, FONSAGRADA (A), NEGUEIRA DE MUÑIZ, PONTENOVA (A), MEIRA, POL, RIBEIRA DE PIQUÍN, RIORTORTO

GDR-4: CASTROVERDE, CORGO (O), FRIOL, GUNTÍN, LUGO, OUTEIRO DE REI, RÁBADE

GDR-5: BARALLA, BECERREÁ, CERVANTES, NAVIA DE SUARNA, NOGAIS (AS), PEDRAFITA DO CEBREIRO

GDR-6: INCIO (O), LÁNCARA, PARADELA, PÁRAMO (O), SAMOS, SARRIA, TRIACASTELA

GDR-7: ANTAS DE ULLA, MONTERROSO, PALAS DE REI, CARBALLEDO, CHANTADA, TABOADA, PORTOMARÍN,

GDR-8: FOLGOSO DO COUREL, QUIROGA, RIBAS DE SIL, BÓVEDA, MONFORTE DE LEMOS, PANTÓN, POBRA DO BROLLÓN (A), SAVIÑAO (O), SOBER

GDR-9: BEARIZ, BOBORÁS, CARBALLIÑO (O), IRIXO (O), MASIDE, PIÑOR, PUNXÍN, SAN AMARO, SAN CRISTOVO DE CEA, ARNOIA, AVIÓN, BEADE, CARBALLEDA DE AVIA, CASTRELO DE MIÑO, CENLLE, CORTEGADA, LEIRO, MELÓN, RIBADAVIA

GDR-10: AMOEIRO, BARBADÁS, COLES, ESGOS, NOGUEIRA DE RAMUÍN, OURENSE, PEREIRO DE AGUIAR (O), PEROXA (O), SAN CIBRAO DAS VIÑAS, TOÉN, VILAMARÍN.

GDR-11: CASTRO CALDELAS, MONTEDERRAMO, PARADA DE SIL, TEIXEIRA (A), CHANDREXA DE QUEIXA, MANZANEDA, POBRA DE TRIVES (A), SAN XOÁN DE RÍO, VIANA DO BOLO, VILARINO DE CONSO.

GDR-12: BARCO DE VALDEORRAS (O), BOLO (O), CARBALLEDA DE VALDEORRAS, LAROUCO, PETÍN, RÚA (A), RUBIÁ, VEIGA (A), VILAMARTÍN DE VALDEORRAS.

GDR-13: CASTRELO DO VAL, CUALEDRO, LAZA, MONTERREI, OIMBRA, RIÓS, VERÍN, VILARDEVÓS, GUDIÑA (A), MEZQUITA

GDR-14: BALTAR, BLANCOS (OS), CALVOS DE RANDÍN, PORQUEIRA, SANDIÁS, SARREUS, TRASMIRAS, VILAR DE BARRIO, XINZO DE LIMIA

GDR-15: ALLARIZ, BAÑOS DE MOLGAS, MACEDA, PADERNE DE ALLARIZ, TABOADELA, XUNQUEIRA DE AMBÍA, XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO, BOLA (A), RAIRIZ DE VIEGA, VILAR DE SANTOS

GDR-16: BANDE, ENTRIMO, LOBEIRA, LOBIOS, MUÍÑOS, , CARTELLE, CELANOVA, GOMESENDE, MERCA (A), PADRENDA, PONTEDEVA, QUINTELA DE LEIRADO, RAMIRÁS, VEREA

GDR-17: ARBO, CAÑIZA (A), COVELO, CRECENTE, MONDARIZ, MONDARIZ-BALNEARIO, NEVES (AS), PONTEAREAS, SALVATERRA DE MIÑO, SALCEDA DE CASELAS.

GDR-18: GUARDA (A), OIA, ROSAL (O), TOMIÑO, TUI, BAIONA, GONDOMAR, MOS, NIGRÁN, PAZOS DE BORBÉN, PORRIÑO (O), REDONDELA, SOUTOMAIOR, VIGO, FORNELOS DE MONTES.

GDR-19: BUEU, CANGAS, MARÍN, MOAÑA, BARRO, CAMPO LAMEIRO, COTOBADE, LAMA (A), POIO, PONTE CALDELAS, PONTEVEDRA, VILABOA

GDR-20: CALDAS DE REIS, CATOIRA, CUNTIS, MORAÑA, PONTECESURES, PORTAS, VALGA, CERDEDO, ESTRADA (A), FORCAREI

GDR-21: CAMBADOS, GROVE (O), ILLA DE AROUSA (A), MEAÑO, MEIS, RIBADUMIA, SANXENXO, VILAGARCÍA DE AROUSA, VILANOVA DE AROUSA.

GDR-22: AGOLADA, DOZÓN, LALÍN, RODEIRO, SILLEDA, VILA DE CRUCES.

GDR-23: ARZÚA, BOIMORTO, PINO (O), TOURO, CURTIS, VILASANTAR, MELIDE, SANTISO, SOBRADO, TOQUES.

GDR-24: BAÑA (A), NEGREIRA, AMES, BOQUEIXÓN, BRIÓN, SANTIAGO DE COMPOSTELA, TEO, VAL DE DUBRA, VEDRA, SANTA COMBA.

GDR-25: BOIRO, POBRA DO CARAMIÑAL (A), RIANXO, RIBEIRA, MUROS, LOUSAME, NOIA, OUTES, PORTO DO SON, DODRO, PADRÓN, ROIS.

GDR-26: CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA, FISTERRA, MUXÍA, CARNOTA, CAMARIÑAS, VIMIANZO, ZAS, MAZARICOS

GDR- 27: CABANA DE BERGANTIÑOS, CARBALLO, CORISTANCO, LARACHA (A), LAXE, MALPICA DE BERGANTIÑOS, PONTECESO

GDR-28: CERCEDA, FRADES, MESÍA, ORDES, OROSO, TORDOIA, TRAZO

GDR-29: ABEGONDO, ARTEIXO, BERGONDO, CAMBRE, CARRAL, CULLEREDO, OLEIROS, SADA, ARANGA, BETANZOS, CESURAS, COIRÓS, IRIXOA, MIÑO, OZA DOS RÍOS, PADERNE

GDR-30: VILARMAIOR, CABANAS, CAPELA (A), MONFERO, PONTEDEUME, PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AS), MOECHE, SAN SADURNIÑO, SOMOZAS (AS)

GDR-31: ARES, CEDEIRA, FENE, FERROL, MUGARDOS, NARÓN, NEDA, VALDOVIÑO, CARIÑO, CERDIDO, MAÑÓN, ORTIGUEIRA.

As candidaturas que se presenten á primeira convocatoria para a selección de GDR deberán axustarse a unha desas 31 áreas de actuación. Non obstante, existirá a posibilidade de variar a ubicación de concellos concretos, sempre que se cumpran determinadas condicións:

- i. Que os axentes socioeconómicos dun termo municipal incluído nun GDR acrediten a súa vontade inequívoca e consensuada de integrarse nun GDR diferente.
- ii. Que se acredite unha aceptación suficiente desa modificación por parte dos axentes socioeconómicos das áreas ou GDR afectados (tanto o de orixe como o de destino).
- iii. As modificacións en ningún caso poderán alterar o número de 31 GDR.

Con eses matices, á primeira convocatoria para a selección dos GDR só poderán concorrer candidaturas que se axusten a esa delimitación territorial, que é a que figurará na normativa que se publique no seu momento, e só poderá concorrer unha candidatura por cada un dos ámbitos delimitados.

No suposto de que na primeira convocatoria queden zonas do territorio rural galego sen cubrir cun GDR, ben porque non se presenta ningunha candidatura axustada á delimitación territorial proposta ou porque a candidatura presentada non cumpre os requisitos da convocatoria ou a súa calidade non lle permita superar a puntuación mínima establecida no baremo, Agader realizaría unha segunda convocatoria de selección de GDR. A esa segunda convocatoria poderían concorrer candidaturas naqueles territorios que non quedasen cubertos na primeira, asignándose os fondos públicos previstos no Eixe 4 do PDR de Galiza pendentes de distribuír. Dependendo das áreas que quedasen descubertas na primeira convocatoria, Agader estudaría, de cara á segunda, a delimitación territorial que poderían ter as candidaturas de GDR.

4. Programa de desenvolvemento

As políticas de desenvolvemento non poden ser vistas como un receitairo de validez universal, xa que calquera programa de desenvolvemento debe ter en conta a realidade á que se dirixe. Por ese motivo, os programas de desenvolvemento rural serán tan variados como as problemáticas existentes en cada zona. Non obstante, na elaboración do programa hai algunhas premisas das que cómpre partir:

1. A viabilidade de calquera proposta non pasa pola orixinalidade da idea. Non é necesario buscar solucións diferentes e absolutamente innovadoras, senón que as propostas poden consistir en potenciar un sector xa existente.

2. Tampouco é preciso aplicar as ideas máis en voga no momento para ter unha boa estratexia de intervención.

3. A calidade das propostas dependerá en boa medida da aplicación da lóxica e unha visión de futuro, sobre a base do coñecemento que os axentes sociais teñen do territorio onde desenvolven a súa actividade.

4. As propostas deben ser realistas, isto é, de nada serven ideas brillantes “sobre o papel” se non parten da realidade socioeconómica da zona e non se conta cos recursos suficientes para levalas a cabo.

5. É imprescindible ter en conta o contexto socioeconómico global, as restricións e tamén as novas oportunidades que este ofrece.

6. Aínda que o programa debe centrarse na dinamización do tecido económico da zona, non hai que pensar unicamente en actividades produtivas, senón que han de terse en conta outras carencias da zona que previamente se detectasen.

A elaboración do programa de desenvolvemento debe partir da análise do territorio, efectuando unha reflexión exhaustiva sobre os problemas, dificultades e necesidades así como sobre os recursos, xa que a valorización do potencial que estes encerran é a base para construír e desenvolver o plan de actuación.

Partindo de que os ámbitos que inflúen no desenvolvemento dos territorios son moi diversos, os plans teñen que cingirse ás posibilidades de actuación que ofrece o Programa Leader Galiza 2007-2013, que se articulan en tres liñas:

- 411.- Dinamización do sector agrario e forestal
- 412.- Mellora medioambiental e do contorno rural
- 413.- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida

O programa de desenvolvemento de cada GDR conterá os seguintes apartados:

4.1. Análise e diagnóstico

Cómpre facer a análise dos recursos cos que se conta para o deseño dun proceso de desenvolvemento, o que abrangue *elementos físicos, recursos humanos, patrimoniais e socioculturais*, así como *factores de índole tecnolóxica*.

Neste apartado hai que ter en conta que:

- Non se trata de compilar un número sen fin de datos estatísticos, senón de seleccionar aqueles que verdadeiramente definen o territorio.
- Ademais, cómpre centrar o diagnóstico nos aspectos que teñen conexión co programa.

A análise e diagnose do territorio recollerá os seguintes aspectos:

1. Delimitación territorial e medio natural

1.1. Situación xeográfica

1.2. Análise do medio natural (recursos físicos): neste apartado sería interesante valorar con que recursos conta a área e en que situación se atopan, así como os problemas que se detecten de cara á súa xestión.

2. Análise sociodemográfica

Trátase de resumir a realidade demográfica da zona así como a calidade dos recursos humanos dispoñíbeis. Con este fin realizarase unha análise sociodemográfica que inclúa os seguintes apartados:

2.1 Volume e distribución espacial da poboación

2.2 Evolución da poboación. A análise debe centrarse nos últimos 15 ou 20 anos, e detectar, ademais das tendencias globais na zona, as dinámicas diferenciadas existentes no seu interior.

Aspectos a analizar: variación da poboación, movemento natural (nacementos, defuncións, crecemento vexetativo), movementos migratorios.

2.3 Estrutura demográfica (estrutura da poboación por sexos e idades).

2.4 Nivel de instrución

2.5 Indicadores de calidade de vida. Neste apartado presentarase a situación do territorio no que se refire aos diversos aspectos que inciden no nivel de vida e o benestar da poboación. Entre outros elementos consideraranse:

- *Indicadores relativos ás variábeis económicas*, como os Indicadores Municipais de Renda.
- *Aspectos relacionados coa vivenda*, como as dotacións das vivendas (saneamento, auga, calefacción, teléfono...).
- *Equipamentos de uso público existentes.* Ademais da análise dos recursos existentes, sería interesante detectar as principais demandas ou necesidades que percibe a poboación no tocante aos servizos (sanitarios, educativos, culturais e de lecer, infraestruturas de comunicación...).

2.6 Tecido asociativo. Débese mostrar unha radiografía do tecido asociativo existente, analizando as características das asociacións e a súa incidencia.

2.7 Elementos culturais propios do territorio. Tendo en conta as súas posibilidades desde o punto de vista do desenvolvemento, analizaranse os elementos culturais propios da zona así como as oportunidades que ofrece a recuperación dos mesmos.

3. Mercado de traballo. Teranse en conta como mínimo os seguintes aspectos:

- Volume e evolución da poboación activa, ocupada e parada; nivel e evolución das taxas de actividade, ocupación e desemprego.
- Volume e evolución da poboación ocupada por sectores; estrutura sectorial da poboación ocupada.
- Referencia específica á situación laboral das mulleres e os mozos e mozas.

4. Análise sectorial

Descrición do tecido empresarial existente: número de empresas, distribución sectorial, dimensión, evolución temporal,... . Análise da dinámica nos últimos 10 ou 15 anos; detección dos sectores ou actividades en declive, e, no seu caso, as actividades máis dinámicas e sectores emerxentes.

4.2. Determinación de estrangulamentos e potencialidades

A partir da análise anterior trátase de facer unha pequena reflexión sobre o territorio que permita identificar os seus principais **problemas, dificultades e necesidades**, así como os **recursos** cos que conta, xa que a valorización do potencial que estes encerran constitúe a base para desenvolver o plan de actuación.

4.3. Obxectivos

A partir das necesidades e dos problemas detectados, pero tamén dos recursos e potencialidades cos que conta o territorio, débense definir os **obxectivos xerais** ou

centrais a acadar mediante a aplicación do programa Leader, así como unha serie de **obxectivos intermedios** para acadar os obxectivos xerais. Estes obxectivos intermedios deben estar directamente conectados coas medidas ou liñas de actuación que integrarán a estratexia ou plan de desenvolvemento.

4.4. Liñas de actuación

A partir dos obxectivos, cómpre facer un esforzo de concreción e plasmar tipoloxías de proxectos concretos (esta información recollerase nas fichas de medida incluídas nos Anexos II A, B e C desta Guía).

Os tipos de proxectos admitidos en cada unha das tres medidas que integrarán os programas son os seguintes (no réxime de axudas Leader estableceranse adicionalmente certas limitacións sectoriais, co fin de atender á complementariedade con outras políticas e liñas de axuda):

411.- Dinamización do sector agrario e forestal:

- a. **Investimentos no sector agrario.** Proxectos de investimento en explotacións agrarias, coa finalidade de mellorar o seu rendemento global, nos seguintes supostos:
 - i. Que impliquen a introdución de novas técnicas de produción que non teñan presenza no sector, a través de proxectos de experimentación susceptíbeis de difusión posterior.
 - ii. Que teñan por obxectivo a recuperación de variedades tradicionais.
 - iii. Que estean relacionados co apoio a novas producións.
 - iv. Que afecten a producións extensivas en áreas ambientalmente sensíbeis.
 - v. Que estean dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética das explotacións.
 - vi. Que estean vencellados á aplicación das TICs nas explotacións.
- b. **Aumento do valor económico dos montes.** Proxectos que impliquen a posta en valor de superficies de montes veciñais en man común ou de asociacións de propietarios, sempre que sexan actuacións singulares, excluindo as plantacións ou actuacións forestais regulares e os tratamentos silvícolas asociados a elas. Mantemento e recuperación de sistemas pastorís en Montes Veciñais en Man Común.
- c. **Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais:**
 - i. Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios, considerando como tales os produtos referidos no anexo I do Tratado da CE con excepción dos produtos da pesca.
 - ii. Proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais. Os proxectos relacionados coa utilización da madeira como materia prima limitaranse nesta medida ás operacións anteriores á transformación industrial (os proxectos referidos a industrias de primeira e segunda transformación da madeira son elixíbeis na medida 413 dos programas).

Os investimentos subvencionados haberán de contribuír, en todo caso, a aumentar o rendemento global da actividade.

- d. Cooperación para desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías nos sectores agrario, alimentario e forestal. Proxectos de cooperación entre produtores agrarios ou forestais, empresas de transformación e comercialización agraria ou forestal e/ou centros tecnolóxicos e de investigación de cara ao desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, con especial referencia a aqueles proxectos que ofrezan saídas alternativas e de mellor calidade e que incrementen o valor engadido dos produtos.

412.- Mellora medioambiental e do contorno rural:

- a. Investimentos non produtivos en explotacións agrarias.
- b. Investimentos non produtivos en espazos forestais.
- c. Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural.

413.- Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida:

- a. Diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias.
- b. Creación, ampliación, modernización e/ou traslado de PEMES, en sectores da economía diferentes ao da produción agraria primaria.
- c. Fomento de actividades turísticas
 - i. Infraestruturas a pequena escala, tales como centros de información turística.
 - ii. Rutas de sendeirismo e outras infraestruturas turísticas.
 - iii. Desenvolvemento e/ou comercialización de novos produtos e servizos turísticos relacionados co turismo rural.

Os proxectos referidos á dotación de novas prazas de aloxamento quedarán en principio excluídos. En función da evolución das taxas de ocupación nos aloxamentos de turismo rural, Agader poderá ir matizando este criterio ao longo da execución dos programas.

- d. Servizos básicos para a economía e a poboación rural.
- e. Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural:
 - i. Elaboración de plans de protección e xestión das zonas Natura 2000 e demais zonas de alto valor natural.
 - ii. Mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural, incluíndo proxectos de mantemento e recuperación de sistemas silvopastoris en montes veciñais en man común sen finalidade produtiva.
 - iii. Desenvolvemento de paraxes de alto valor natural.
 - iv. Investimentos relativos á restauración, mellora e posta en valor do patrimonio cultural.
- f. Formación vinculada a proxectos de investimento material promovidos no marco da estratexia.

A tipoloxía anterior inclúe tanto proxectos produtivos como non produtivos. A estes efectos, terán a consideración de proxectos **non produtivos** aqueles que non

supoñan o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aqueles outros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio (concello) de que se trate, sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro. Serán **proxectos produtivos** os demais.

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza 2007-2013 establece que, do total de fondos públicos destinados ás estratexias de desenvolvemento do Programa Leader, a suma dedicada a proxectos non produtivos terá un tope global do 25%. Non obstante, en casos debidamente xustificados poderase aprobar un programa territorial cunha porcentaxe de fondos para proxectos non produtivos por riba do 25%, aínda que en ningún caso superior ao 35%. Neste sentido, os programas propostos polos GDR poderán contemplar valores desa porcentaxe até o 35%.

Dentro dos **proxectos non produtivos**, a nivel galego establécense as seguintes categorías de priorización dos proxectos, ás que corresponden as intensidades máximas de axuda que se indican en cada caso:

- Proxectos non produtivos de prioridade alta. Intensidade de axuda até o 100%:

- Servizos á poboación dependente, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).
- Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación.
- Investimentos relacionados co desenvolvemento das TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

- Proxectos non produtivos de prioridade media. Intensidade de axuda até o 70%:

- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- Centros de promoción de recursos e puntos de información turística.
- Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

- Outros proxectos non produtivos. Intensidade de axuda até o 50%:

- Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.
- Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.
- Sinalización de recursos turísticos.
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípicas ou cinexéticas.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

Cada GDR poderá propoñer no seu programa unha adaptación ou modificación desa tipoloxía para o seu territorio. Pero unha proposta de priorización distinta á exposta,

para que poida ser aplicada, terá que ser aprobada expresamente por Agader, en función da súa xustificación e adaptación ás prioridades do PDR de Galiza 2007-2013.

Non serán elixíbeis dentro dos plans de desenvolvemento rural os proxectos de sinalización territorial, nin os proxectos de infraestruturas asociadas a servizos de prestación obrigatoria por parte das entidades locais ou servizos esenciais declarados de reserva a favor das entidades locais, nos termos establecidos nos artigos 26 e 86.3, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (infraestruturas viarias, alumado público, abastecemento de auga, saneamento, ...).

4.5. Indicadores

Unha vez posto en marcha o programa *cómpre revisar periodicamente o proceso*, para saber *se se acadan ou non os obxectivos previstos*. Para isto cómpre ollar periodicamente os problemas que se foron presentando, co fin de ver por onde e como se pode abordar a busca de solucións axeitadas a partir da análise dos acertos e fallos, contradicións, posíbeis bloqueos no proceso, etc.

Esta avaliación débese enfocar non como unha fiscalización, senón como *unha ferramenta que pode conducir a unha nova diagnose*, a través da que decatarse da necesidade dalgún cambio. Tendo en mente sempre que estes procesos son lentos, e con frecuencia dificilmente cuantificábeis.

Para iso é importante cuantificar e obxectivar o máximo posíbel os resultados que se obteñan. Os indicadores de resultado que se deberán elaborar obrigatoriamente son os que figuran nos Anexos III A, B, C, D e E desta guía. Ademais, cada GDR poderá propoñer no seu programa outros indicadores adicionais.

4.6. Complementariedade con outros fondos

Todos os GDR deben dedicar un apartado da estratexia a perfilar a complementariedade do programa Leader con outros fondos ou programas que actúan no territorio, tanto no que respecta ás posíbeis liñas de delimitación nas actuacións financiadas como ás sinerxías con eses outros programas.

Ademais, no caso dos GDR cuxo territorio inclúe concellos costeiros, comprendidos no ámbito de actuación do Fondo Europeo da Pesca, será necesario:

-Definir como se vai coordinar a estrutura do GDR coa estrutura do Grupo ou Grupos de Acción Costeira, GAC, que operen no seu territorio.

-Establecer de forma precisa as tipoloxías de proxectos que poderán ter financiamento por unha ou outra vía. Neste aspecto, o PDR de Galiza 2007-2013 establece xa como criterio xeral que naqueles territorios nos que operen un GDR e un GAC serán financiadas exclusivamente polo GAC as intervencións relacionadas co sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro e aquelas nas que o beneficiario estea vinculado a esas actividades. Non obstante, existen outros proxectos que poderían ser elixíbeis para uns e outros partenariados. O programa de cada GDR deberá definir con precisión as regras e procedementos que vai aplicar para delimitar as súas actuacións respecto ás financiadas polos GAC (nos territorios en que coincidan).

Así mesmo, dado que os GDR que inclúen concellos costeiros teñen os fondos de desenvolvemento rural minorados pola confluencia cos fondos pesqueiros, tamén se deberán prever as medidas ou mecanismos para asegurar que esa minoración non afecte aos concellos non costeiros integrados no GDR.

5. Plan de cooperación

A *organización en rede* e a *cooperación* constitúen outro dos piares fundamentais da metodoloxía Leader, a través do cal se trata de compartir con outros territorios experiencias e resultados, intercambiar coñecementos e asociarse en proxectos comúns.

Por iso o programa elaborado por cada GDR debe dedicar un apartado ás posibilidades de cooperación con outros territorios rurais, concretando algúns posíbeis proxectos que se tentarán promover, así como os territorios cos que se pensa establecer esa cooperación.

Hai tres tipos de cooperación:

- Cooperación interterritorial dentro da Comunidade Autónoma de Galiza.
- Cooperación interterritorial con territorios doutras Comunidades Autónomas do Estado Español.
- Cooperación transnacional, con territorios doutros estados membros da Unión Europea.

O plan de cooperación constitúe un elemento necesario da documentación que debe elaborar o GDR, aínda que as propostas aí recollidas non terán carácter vinculante e o seu financiamento será á marxe do cadro financeiro do programa, a través de convocatorias específicas que a tal efecto se publicarán ben por Agader, ben polo Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.

Os elementos que debe incluír todo plan de cooperación son os seguintes:

a) Obxectivos perseguidos

b) Estratexia prevista para acadar cada un dos obxectivos propostos no apartado anterior. Neste sentido, farase referencia a proxectos piloto concretos encamiñados á consecución de cada obxectivo: breve descrición, ámbito xeográfico, identificando se se vai tratar dunha actividade de cooperación con outras zonas do Estado español, con territorios doutros Estados ou con territorios dentro da comunidade galega, especificando cales, que valor engadido suporá a cooperación, GDR coordinador, entidades participantes no proxecto, estrutura xurídica común adoptada para a execución do proxecto, de ser o caso, resultados esperados...

c) A súa articulación coas políticas de desenvolvemento rural e a coherencia co programa de desenvolvemento rural

d) Previsión financeira: unha vez definidas as actuacións habería que facer unha previsión do orzamento estimado para estas actividades.


e) Para valorar as actuacións desenvolvidas no marco da cooperación deberase incorporar un indicador de impacto relacionado co número empregos creados, tendo en conta a idade e o xénero. Ademais deste poderanse utilizar todos aqueles indicadores que resulten de interese para valorar a incidencia do plan de cooperación deseñado.

A presentación desta información farase conforme á correspondente ficha do Anexo II D desta Guía.

Ademais das propostas de cooperación, a candidatura deberá incluír o compromiso de integrarse nunha rede de GDR a nivel galego, como unha aposta máis pola interrelación entre os distintos territorios rurais e entre as entidades que traballan nos procesos de desenvolvemento.

6. Normas para a xestión do programa

O proceso de selección de proxectos por parte dos GDR seguirá esta secuencia:



A convocatoria aberta durante todo o período, até o 1 de setembro de 2013, tenta compaxinar a axilidade na aprobación de axudas coa priorización daqueles proxectos máis interesantes, no caso de que os recursos financeiros non cheguen para todos. Así, se as peticións de cada ano non esgotan o orzamento desa anualidade, os expedientes vanse resolvendo a medida que van chegando segundo as decisións do órgano directivo do GDR; no caso de que se esgoten os fondos previstos no cadro financeiro na anualidade correspondente, todas as peticións dese ano que se presenten con posterioridade serán instruídas normalmente pero quedarán por resolver. Cando comece o ano seguinte todos os expedientes que contén coa validación por parte de Agader do Informe do Control de Elixibilidade con data 31 de decembro, serán sometidos á selección do órgano de decisión do GDR por concorrencia entre eles, é dicir, aprobándose primeiro os que máis puntuación obteñan no baremo. Se os fondos da nova anualidade chegan para todos os proxectos pendentes poderán seleccionarse todos; se os fondos non chegan para todos os proxectos iranse seleccionando por rigorosa orde de puntuación até esgotar a anualidade.

Os proxectos que non puideran finalmente ser seleccionados, por estar esgotados os fondos, quedarían excluídos, podendo os promotores, se así o desexan, quedar nunha lista de agarda a expensas de que se volva dispoñer de fondos.

6.1. Límites de axuda pública máxima

Cada programa contemplará, dentro dos límites máximos definidos no réxime de axudas, o límite máximo da axuda pública, en termos relativos e en termos absolutos,

en función dos diferentes tipos de proxectos, tanto para proxectos produtivos como para non produtivos, e especificamente nestes últimos establecerá as categorías de priorización dos mesmos.

6.2. Criterios para a selección e priorización de proxectos

Cada programa establecerá un baremo, que se aplicará obrigatoriamente a todos os proxectos obxecto de axuda do programa Leader. A proposta de baremo acompañará ao resto da documentación que se presente na convocatoria de selección de GDR.

O baremo deberá cumprir os requisitos de ser público e obxectivo e a valoración que se faga dos proxectos determinará a porcentaxe de subvención dos mesmos.

Para que un proxecto poida ser baremado e subvencionado deberá cumprir en primeiro lugar uns **requisitos de subvencionalidade**:

- *Caracter innovador*, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se prantexan no territorio.
- *Viabilidade*: o proxecto debe ser viábel técnica e economicamente, comprobándose especialmente a súa viabilidade financeira.
- *Adecuación do proxecto á estratexia* do programa de desenvolvemento definida.

Unha vez superados os requisitos de subvencionalidade, procederase á aplicación do baremo. O **baremo** constará duns criterios para avaliar os proxectos produtivos e outros para avaliar os proxectos non produtivos.

A.- Proxectos produtivos

O baremo para a avaliación dos proxectos produtivos axustarase ao seguinte esquema xeral (indícase en cada bloque a puntuación total sobre a que se baremará en cada caso):

1.- Ubicación xeográfica. 40 puntos.

1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto. Mínimo de 10 puntos.

Este criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Estableceranse polo menos catro tramos de discriminación aos que asignar as distintas notas (en función dos datos a nivel galego)¹; en calquera caso os concellos cun IMRF superior á media galega terán cero puntos neste criterio.

(Exemplo orientativo de cinco tramos de discriminación:

- Concellos cun IMRF inferior ou igual ao 70% da media galega: 10 puntos.
- Concellos cun IMRF maior do 70% e menor ou igual ao 80%: 7,5 puntos.
- Concellos cun IMRF maior do 80% e menor ou igual ao 90%: 5 puntos.
- Concellos cun IMRF maior do 90% e menor ou igual ao 100%: 2,5 puntos.
- Concellos cun IMRF maior do 100%: 0 puntos).

1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. Mínimo de 10 puntos.

¹ É dicir, que se por exemplo no territorio dun GDR todos os concellos teñen un IMRF situado entre o 85% e o 90% da media galega, non é necesario distinguir 4 tramos dentro dese intervalo, senón que sería posíbel que todos os concellos do GDR estiveran no mesmo tramo.

Este criterio poderá valorarse en función dun ou varios indicadores relativos á estrutura e dinámica de poboación: densidade de poboación, variación da poboación entre os anos 2002 e 2007 dacordo coas cifras do padrón municipal de habitantes, envellecemento. Estableceranse polo menos catro tramos de discriminación aos que asignar as distintas notas (en función dos datos a nivel galego) e os concellos co rango máis favorable, por exemplo que gañasen poboación nese período, terán cero puntos neste criterio.

(Exemplo orientativo tomando só a variación da poboación no período 2002-2007, con seis tramos e asignando ao criterio até 15 puntos:

-Concellos cunha caída de poboación maior ou igual ao 10,00%: 15 puntos.

-Concellos cunha caída de poboación maior o igual ao 7,50% e menor do 10,00%: 12 puntos.

-Concellos cunha caída de poboación maior o igual ao 5,00% e menor do 7,50%: 9 puntos.

-Concellos cunha caída de poboación maior o igual ao 2,50% e menor do 5,00%: 6 puntos.

-Concellos cunha caída de poboación maior o igual ao 0% e menor do 2,50%: 3 puntos.

-Concellos que incrementan poboación: 0 puntos).

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. Mínimo de 10 puntos.

Para priorizar os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello, o GDR establecerá varios rangos de tamaño dos núcleos de poboación, asignando máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2007. Distinguiranse ao menos tres intervalos, e en calquera caso os núcleos cunha poboación igual ou superior a 2.500 habitantes terán neste criterio cero puntos.

1.4.- Outros criterios xeográficos. Máximo de 10 puntos.

Cada GDR poderá establecer outros criterios de carácter xeográfico, cun peso máximo de 10 puntos, de tal xeito que a suma deste ítem e os tres anteriores dea un total máximo de 40 puntos. Entre estes outros criterios poderanse valorar elementos como: a distancia a núcleos de poboación grandes, limitacións naturais (zonas de montaña, outras zonas desfavorecidas, ...), espazos naturais protexidos, etc.

2.- Características do promotor do proxecto. 10 puntos.

2.1.- O GDR establecerá un ou máis criterios para favorecer aqueles proxectos promovidos por determinados colectivos, como poden ser mulleres, mozos/as e persoas con discapacidade.

3.- Incidencia no emprego. 25 puntos.

Cada GDR poderá establecer un ou varios criterios para avaliar a incidencia do proxecto sobre o emprego. O factor máis relevante a puntuar terá que ser a creación de emprego neto, pero tamén se poderá valorar a incidencia sobre o emprego de determinados colectivos (mulleres, mozos, persoas con discapacidade,...) ou outros aspectos.

Neste criterio, aínda que a decisión final corresponde ao Grupo, o adecuado é establecer puntuacións en función da ratio investimento/ emprego (vese co seguinte exemplo: temos un proxecto que xera tres empregos cun investimento de 100.000 €, e por outra banda catro proxectos de 25.000 € de investimento cada un xerando un emprego

cada un; se se valora o número absoluto de empregos priorizárase o proxecto grande, cando sería máis interesante para o territorio, desde o punto de vista do emprego, priorizar os catro pequenos).

4.- Impacto sobre o territorio. 25 puntos.

- 4.1.- Capacidade de arrastre do proxecto. Este criterio valorará o posíbel efecto multiplicador do proxecto, a súa capacidade motora para a economía da zona, concretada en criterios obxectivábeis: transformación de produtos da zona; porcentaxe de utilización, dentro dos inputs, de recursos endóxeos, que contribúa á valorización destes recursos; capacidade para estimular o xurdimento de novas iniciativas na zona ou afianzar empresas e actividades existentes. Mínimo de 10 puntos.
- 4.2.- Incidencia medioambiental. Poderanse valorar cuestións tales como a utilización sostíbel dos recursos endóxeos, contribución á biodiversidade e conservación de hábitats, xestión de recursos hídricos, contribución á prevención de incendios, etc.
- 4.3.- Outros criterios relativos ao impacto sobre o territorio; afinidade especial ou encaixe na estratexia do GDR. A definir polo propio grupo.

B.- Proxectos non produtivos

O baremo para a avaliación dos proxectos non produtivos axustarase ao seguinte esquema xeral (indícase en cada bloque a puntuación total sobre a que se baremará en cada caso):

1.- Ubicación xeográfica. 40 puntos.

- 1.1.- Características económicas do concello no que se localiza o proxecto. Mínimo de 10 puntos.

Este criterio valorarase en función do Indicador Municipal de Renda dos Fogares (IMRF) do ano 2002 publicado polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Estableceranse polo menos catro tramos de discriminación aos que asignar as distintas notas (en función dos datos a nivel galego)²; en calquera caso os concellos cun IMRF superior á media galega terán cero puntos neste criterio.

(Exemplo orientativo de cinco tramos de discriminación:

- Concellos cun IMRF inferior ou igual ao 70% da media galega: 10 puntos.
- Concellos cun IMRF maior do 70% e menor ou igual ao 80%: 7,5 puntos.
- Concellos cun IMRF maior do 80% e menor ou igual ao 90%: 5 puntos.
- Concellos cun IMRF maior do 90% e menor ou igual ao 100%: 2,5 puntos.
- Concellos cun IMRF maior do 100%: 0 puntos).

- 1.2.- Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto. Mínimo de 10 puntos.

Este criterio poderá valorarse en función dun ou varios indicadores relativos á estrutura e dinámica de poboación: densidade de poboación, variación da poboación entre os anos 2002 e 2007 dacordo coas cifras do padrón municipal de habitantes, envellecemento. Estableceranse polo menos catro tramos de discriminación aos que asignar as distintas notas (en función dos datos a nivel galego) e os concellos co rango máis

² É dicir, que se por exemplo no territorio dun GDR todos os concellos teñen un IMRF situado entre o 85% e o 90% da media galega, non é necesario distinguir 4 tramos dentro dese intervalo, senón que sería posíbel que todos os concellos do GDR estiveran no mesmo tramo.

favorábel, por exemplo que gañasen poboación nese período, terán cero puntos neste criterio.

(Exemplo orientativo tomando só a variación da poboación no período 2002-2007, con seis tramos e asignando ao criterio até 15 puntos:

-Concellos cunha caída de poboación maior ou igual ao 10,00%: 15 puntos.

-Concellos cunha caída de poboación maior o igual ao 7,50% e menor do 10,00%: 12 puntos.

-Concellos cunha caída de poboación maior o igual ao 5,00% e menor do 7,50%: 9 puntos.

-Concellos cunha caída de poboación maior o igual ao 2,50% e menor do 5,00%: 6 puntos.

-Concellos cunha caída de poboación maior o igual ao 0% e menor do 2,50%: 3 puntos.

-Concellos que incrementan poboación: 0 puntos).

1.3.- Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto. Mínimo de 10 puntos.

Para priorizar os proxectos que se implanten nas áreas máis rurais de cada concello, o GDR establecerá varios rangos de tamaño dos núcleos de poboación, asignando máis puntuación canto menor sexa o tamaño dos núcleos. A estes efectos tomaranse inicialmente os datos do nomenclátor de 2007. Distinguiranse ao menos tres intervalos, e en calquera caso os núcleos cunha poboación igual ou superior a 2.500 habitantes terán neste criterio cero puntos.

1.4.- Outros criterios xeográficos. Máximo de 10 puntos.

Cada GDR poderá establecer outros criterios de carácter xeográfico, cun peso máximo de 10 puntos, de tal xeito que a suma deste ítem e os tres anteriores dea un total máximo de 40 puntos. Entre estes outros criterios poderanse valorar elementos como: a distancia a núcleos de poboación grandes, limitacións naturais (zonas de montaña, outras zonas desfavorecidas, ...), espazos naturais protexidos, etc.

2.- Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto. 20 puntos.

2.1.- Cando o promotor sexa unha entidade pública priorizaranse, ademais doutros aspectos que decida o GDR, aqueles proxectos cun ámbito de actuación supramunicipal e/ou promovidos por entes supramunicipais, co fin de potenciar a vertebración comarcal do territorio e planificar as dotacións e servizos públicos.

2.2.- En proxectos de promoción privada valorarase, cando menos: a implicación no proxecto de varias entidades, o peso nesas entidades de determinados colectivos (mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade, ...), e o ámbito supramunicipal do proxecto.

3.- Impacto sobre o territorio. 40 puntos.

3.1.- Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida.

3.2.- Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego.

3.3.- Incidencia medioambiental. Poderanse valorar cuestións tales como a utilización sostíbel dos recursos endóxenos, contribución á biodiversidade e conservación de hábitats, xestión de recursos hídricos, contribución á prevención de incendios, etc.

- 3.4.- Incidencia sobre colectivos determinados: mocidade, promoción da igualdade entre o home e a muller, integración de colectivos de especial dificultade, etc.

Na elaboración do baremo, o GDR determinará os rangos de puntuación e as variábeis ou aspectos concretos a considerar en cada criterio do xeito máis obxectivable que sexa posíbel, para que todos os potenciais beneficiarios teñan pleno coñecemento do que se vai ter en conta para avaliar o seu proxecto.

Dado que a función do baremo é establecer a puntuación que acada cada proxecto e que esa puntuación se traduza nunha porcentaxe de subvención determinada, o GDR determinará cal vai ser a **nota de corte**, é dicir, a puntuación mínima que haberá de obter un proxecto para ser subvencionado, e cal será a porcentaxe de axuda para esa nota de corte (a título de exemplo, podería ser razoábel establecer esta porcentaxe de axuda en torno ao 20% ou 25% para proxectos produtivos e ao 35% ou 40% para non produtivos). Así mesmo, o grupo debe establecer a **puntuación á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima**, puntuación que pode ser inferior a 100 puntos xa que na práctica é moi difícil que un proxecto acade os 100 puntos.

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima, calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal (ilustrado cun exemplo: nota de corte en 30 puntos e a eses 30 puntos asignase un 20% de axuda; nota á que se lle asigna a porcentaxe máxima de axuda, 45%, fixada en 90 puntos; trataríase de repartir 25 puntos porcentuais de axuda (os que van do 20% ao 45%) entre 60 puntos de baremo (os que van de 30 a 90 puntos); esa proporción 25/60 implicaría que por exemplo un proxecto con 73 puntos de baremo tivese unha axuda do 37,9%).

Nos proxectos non produtivos o GDR establecerá unha escala de porcentaxes de axuda diferente para cada un dos grupos de priorización dos proxectos, de tal modo que en cada grupo ou categoría a porcentaxe máxima de axuda se corresponda co tope fixado para esa categoría.

6.3. Mecanismos que garantan os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia

O programa detallará os mecanismos que se aplicarán para garantir os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia nos procedementos de xestión e contratación.

6.4. Equipo xestor e sede do GDR

A selección do persoal técnico do GDR deberase efectuar atendendo aos labores que estes van realizar no territorio:

- *Mobilización, animación e dinamización*: tarefas dunha especial importancia de cara a acadar unha efectiva participación da poboación, fomentando que xurdan novas iniciativas. Estes labores son importantes, tanto no inicio do programa coma no desenvolvemento do mesmo.
- *Promoción e captación* das iniciativas.
- *Maduración* dos proxectos e apoio aos promotores.
- Apoio técnico para a *selección* de proxectos.
- *Acompañamento dos promotores na evolución posterior dos proxectos*, de forma que se siga en contacto máis alá da tramitación das axudas.

En función diso, establecerase o perfil profesional das prazas que integrarán o equipo técnico así como o procedemento de contratación do mesmo e o seu organigrama.

Asemade, establecerase a sede do GDR, que deberá ubicarse dentro do territorio elixíbel do programa Leader. Ademais da sede oficial do GDR, cabe a posibilidade de establecer lugares de atención aos potenciais beneficiarios en distintos puntos do territorio; e, en calquera caso, o equipo técnico deberá facilitar o achegamento á poboación e a presenza sobre o terreo.

6.5. Plan de difusión

Unha vez definido o programa a aplicar, é necesario implementar un *proceso de difusión e mobilización da poboación* tentando chegar a todos os axentes, co obxecto de que os habitantes do territorio coñezan en que consiste a metodoloxía *Leader* e as oportunidades que ofrece o programa.

Na documentación da candidatura ten especial relevancia detallar os mecanismos que se van utilizar para difundir, e dar a coñecer a todos os potenciais beneficiarios, a **convocatoria de axudas do GDR** (reunións informativas, anuncios en prensa, ...).

Para a difusión cómpre deseñar un proceso informativo-divulgativo, tanto na fase de posta en marcha do programa como *ao longo da execución do mesmo*, e tendo en conta que *este esforzo de información debe ter unha maior incidencia nas zonas máis desfavorecidas*, de forma que o programa reflicta a aposta do GDR por eses territorios.

O plan de difusión deberá detallar as ferramentas para conseguir que xurdan iniciativas orientadas a cumprir os obxectivos do programa. Para deseñar o proceso de difusión do programa haberá que contemplar:

- Programa de actividades do equipo técnico do GDR co conxunto da poboación do territorio.
- Desenvolvemento de *xornadas de información* nas que se explique o programa.
- Actuacións de *publicidade*, creación de foros...
- *Accións especiais para colectivos prioritarios e/ou que tiveron menor presenza en anteriores períodos* (mulleres, persoas novas, axentes dos sectores agrario e forestal, ...), de cara a implicalos nas actuacións do grupo.
- Elaboración de documentos *que informen do programa de desenvolvemento rural*, a elixibilidade dos proxectos e as axudas dispoñíbeis (páxina web, dípticos explicativos do programa, información na prensa,...).
- *Reunións a nivel de cada concello*, sector económico, colectivo social, ...
- *Dispositivos de comunicación* (foros, páxinas web...).
- *Concursos de ideas* para fomentar a innovación.
- Outra aspecto importante é identificar os posíbeis *promotores interesados en participar* no programa Leader e o tipo de iniciativas que propoñen.

De cara a manter o máis viva posíbel a implicación da poboación nos GDR durante todo o programa, a incentivación é un aspecto fundamental. Nestes procesos existe o risco de que, tras unha fase inicial na que se implique moita xente, pouco a pouco isto vaia esmorecendo, perdendo a virtualidade do programa en canto ferramenta de estruturación e dinamización social.

Para evitar iso será de suma importancia:

- Distribuír entre os membros do GDR *responsabilidades efectivas*, á fronte dos diversos aspectos do desenvolvemento do programa.

- Que durante todo o proceso haxa *transparencia* na análise dos problemas e *democracia* na toma de decisións que afecten ao Grupo.
- Buscar a *interacción* e a *cooperación* de cada GDR con outros Grupos próximos.

6.6. Outros aspectos da xestión

Ademais das normas de xestión anteriores, que deberán concretarse en cada programa, a xestión esixirá a utilización da aplicación informática que Agader porá a disposición dos GDR, así como a suxeición ás normas contidas no Manual de Procedemento Leader.

7. Estrutura da documentación a elaborar

A etapa de planificación culminará coa plasmación formal do programa e a elaboración da documentación para a presentación da candidatura. Esta documentación axustarase ao seguinte esquema:

I. Identificación do Grupo de Desenvolvemento Rural

- 1. Datos identificativos.** No Anexo IA desta Guía inclúese o modelo de solicitude no que se recollerá a información relativa a: denominación do GDR, CIF, enderezo social, teléfono, fax e correo electrónico. Deberase adxuntar a *copia compulsada do DNI do representante* e a documentación acreditativa da súa representación.
- 2. Personalidade xurídica e composición**
 - 2.1. Copia compulsada da acta constituínte.**
 - 2.2. Copia compulsada dos Estatutos.**
 - 2.3. Copia compulsada do regulamento de réxime interno,** de ser o caso.
 - 2.4. Inscripción do Rexistro de Asociacións dependente da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.**
 - 2.5. Relación de asociados,** con identificación do seu carácter público ou privado. Implantación no territorio e representatividade (segundo Anexos IB e IC).
 - 2.6. Composición actual do órgano decisorio.** Cargos, nomes e representación de cada compoñente (segundo Anexo ID).
 - 2.7. Relación de entidades ás que se lle denegou a súa integración,** e daquelas outras que están pendentes de aceptación (segundo Anexo IE)
 - 2.8. Informe sobre o grao de participación social na elaboración do programa.** Neste apartado recollerase toda a información relacionada coas actividades desenvolvidas de cara a definición do programa. Así, débese recoller información sobre as reunións que se foron mantendo de cara á constitución do GDR, así como as diferentes mesas sectoriais creadas (segundo Anexo IF)
 - 2.9. Declaración de non estar incurso a asociación** en ningunha das circunstancias referidas no **artigo 10 da lei 9/2007**, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza (segundo Anexo IG)

Estes anexos tamén estarán dispoñibles en formato Excel na páxina web de Agader.

3. Descrición dos medios técnicos e humanos previstos para a xestión do programa

3.1. Persoal adscrito á xestión do programa: organigrama; procedemento de contratación do equipo xestor

En canto aos medios humanos, os postos de traballo encaixarán nas seguintes tipoloxías:

- Xerente ou máximo responsábel do programa. Titulación mínima: diplomatura/ enxeñaría técnica.
- Técnico. Titulación mínima: diplomatura/ enxeñaría técnica.
- Administrativo. Titulación mínima: bacharelato/ FPPII.

O procedemento de contratación virá definido no convenio de colaboración que ten que asinar o GDR con Agader, e en todo caso deberá axustarse aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria. O procedemento selectivo contará entre outros: cunha proba escrita sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento rural, unha entrevista, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo, e a valoración da experiencia en materia de desenvolvemento rural, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.

3.2. Medios técnicos: local, medios informáticos

Definirase con que medios técnicos vai contar o GDR para desenvolver o seu labor.

II. Territorio de actuación

Trátase de referir neste apartado o territorio de actuación do GDR. Terá que ser necesariamente un dos territorios delimitados no apartado 3 desta Guía, coas posíbeis excepcións ou adaptacións recollidas nese mesmo apartado.

III. Programa de desenvolvemento

O programa de desenvolvemento deberá incluír os elementos que se definen no apartado 4 da Guía, e recollerá a información detallada que se indica no 4.1, 4.2, 4.3, 4.4, 4.5 e 4.6 desta Guía.

IV. Plan de cooperación

O programa debe dedicar este apartado a definir as posibilidades de cooperación con outros territorios rurais, concretando algúns posíbeis proxectos que se tentarán promover, así como os territorios cos que se pensa establecer esa cooperación. Deberase detallar a información ao nivel establecido no apartado 5 da Guía.

V. Normas par a xestión do programa

Debe figurar a información relacionada co plano de difusión do programa e todo o relativo ao baremo e á avaliación dos proxectos.

VI. Plan financeiro

Despois de ter definido as actuacións que se prevén desenvolver no marco do programa e de cuantificalas, haberá que traducir iso en importes financeiros para complementar os cadros de financiamento. Usarase o modelo que se xunta no Anexo IV desta guía, que estará dispoñíbel na súa versión electrónica (cadro de Excel) na páxina web de Agader.

8. Contacto e información

Agader irá actualizando na súa páxina web <http://agader.xunta.es> toda a información vinculada á posta en marcha dos programas. Ademais, para calquera consulta adicional ou obter axuda para a elaboración das candidaturas, dirixirse a:

Agader (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural)

Avda. do Camiño Francés, 10, baixo

15771 Santiago de Compostela

e-mail: area.programas.agader@xunta.es

Teléfono: 981 547365

ANEXO I A. MODELO DE SOLICITUDE



Nº EXPED.	DATA SOLICITUDE
-----------	-----------------

PROCEDEMENTO PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	------------------------	--------------------------------

1. DATOS DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL (GDR)			
DENOMINACIÓN			CIF
ENDEREZO	CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO DE CONTACTO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
ÁMBITO TERRITORIAL (RELACIÓN DE CONCELLOS)			
DATOS BANCARIOS			
ENTIDADE	SUCURSAL	D.C	Nº CONTA

2. DATOS DO/A REPRESENTANTE			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
CARGO QUE OSTENTA		NOMEADO POR ACORDO DO	

Documentación que se xunta	
	Programa de Desenvolvemento Rural
	Outra documentación:

A entidade solicitante autoriza a Agader para, de conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, publicar na súa páxina web oficial os datos referidos ás subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na páxina web.

Así mesmo, autoriza a Agader para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións concedidas.

LEXISLACIÓN APLICÁBEL
Acordo do Consello de Dirección de Agader do -- de -- de 2008 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para o recoñecemento e selección de GDR como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader de Galicia 2007-2013
SIGNATURA DO/A REPRESENTANTE

Director xeral de Agader
Avda. do Camiño Francés, 10 baixo 15771 Santiago de Compostela

ANEXO I G

D., en calidade de representante da entidade “.....”, e en relación coa convocatoria para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e recoñecemento de GDR como entidades colaboradoras na xestión do Programa Leader de Galicia 2007-2013

Declara:

Que a entidade “.....” non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora e de beneficiaria das axudas, nos termos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lugar, data e sinatura.

ANEXO II A

FICHA DE ACTUACIÓNS POR MEDIDA

4.1.1 DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

OBXECTIVOS A ACADAR	ACCIÓNS A DESENVOLVER	LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCCIÓNS: produtiva (P), non produtiva (NP)	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
1.	1.1							
	1.2							
	1.3							
	1.4							
2.	2.1							
	2.2							
	2.3							
	2.4							
3.	3.1							
	3.2							
	3.3							
	3.4							
4.	4.1							
	4.2							
	4.3							
	4.4							

- 1 Para acadar os obxectivos propostos desenvolveranse unha serie de actuacións, que poden ser máis de unha por cada obxectivo, que se recollerán na celda "Accións a desenvolver".
- 2 En canto á definición da localización e dos promotores das diferentes accións deseñadas, preténdese que o GDR faga unha reflexión sobre as zonas en que poden executarse ou xurdir esas actuacións.
- 3 No apartado de axuda pública e gasto privado débese recoller unha estimación ou previsión dos fondos que se van a dedicar ás actuacións.

ANEXO II B

FICHA DE ACTUACIÓNS POR MEDIDA

4.1.2 MELLORA MEDIOAMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL

OBXECTIVOS A ACADAR	ACCIÓNS A DESENVOLVER	LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCIÓNS: produtiva (P), non produtiva (NP)	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (€)
1.	1.1							
	1.2							
	1.3							
	1.4							
2.	2.1							
	2.2							
	2.3							
	2.4							
3.	3.1							
	3.2							
	3.3							
	3.4							
4.	4.1							
	4.2							
	4.3							
	4.4							

1 Para acadar os obxectivos propostos desenvolveranse unha serie de actuacións, que poden ser máis de unha por cada obxectivo, que se recollerán na celda "Accións a desenvolver".

2 En canto á definición da localización e dos promotores das diferentes accións deseñadas, preténdese que o GDR faga unha reflexión sobre as zonas en que poden executarse ou xurdir esas actuacións.

3 No apartado de axuda pública e gasto privado débese recoller unha estimación ou previsión dos fondos que se van a dedicar ás actuacións.

ANEXO II C

FICHA DE ACTUACIÓNS POR MEDIDA

4.1.3 DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

OBXECTIVOS A ACADAR	ACCIÓNS A DESENVOLVER	LOCALIZACIÓN	PROMOTORES POTENCIAIS	DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN	REQUISITOS	NATUREZA DAS ACCIÓNS: produtiva (P), non produtiva (NP)	AXUDA PÚBLICA (€)	GASTO PRIVADO (miles de €)
1.	1.1							
	1.2							
	1.3							
	1.4							
2.	2.1							
	2.2							
	2.3							
	2.4							
3.	3.1							
	3.2							
	3.3							
	3.4							
4.	4.1							
	4.2							
	4.3							
	4.4							

1 Para acadar os obxectivos propostos desenvolveranse unha serie de actuacións, que poden ser máis de unha por cada obxectivo, que se recollerán na celda "Accións a desenvolver".

2 En canto á definición da localización e dos promotores das diferentes accións deseñadas, preténdese que o GDR faga unha reflexión sobre as zonas en que poden executarse ou xurdir esas actuacións.

3 No apartado de axuda pública e gasto privado débese recoller unha estimación ou previsión dos fondos que se van a dedicar ás actuacións.

ANEXO II D

4.2.1 PLAN DE COOPERACIÓN									
OBXECTIVOS A ACADAR	ACTUACIÓN	TIPO DE COOPERACIÓN		TERRITORIOS IMPLICADOS	BENEFICIARIOS	EFECTOS NO MEDIOAMBIENTE	EFECTOS NO COLECTIVO DE MULLERES	EFECTOS NO COLECTIVO DE PERSOAS NOVAS	PREVISIÓN ORZAMENTARIA (€)
		Interterritorial	Transnacional						
1.	1.1								
	1.2								
	1.3								
	1.4								
2.	2.1								
	2.2								
	2.3								
	2.4								
3.	3.1								
	3.2								
	3.3								
	3.4								
4.	4.1								
	4.2								
	4.3								
	4.4								

1 Actuación: neste apartado trátase de definir a actividade proposta do modo o máis detallada posíbel, describindo de ser o caso os proxectos piloto que se teñen previsto de cara a acadar os obxectivos da acción de cooperación.

2 Beneficiarios: definición dos beneficiarios das actividades deseñadas.

3 Á hora de definir as accións de cooperación deberíase ter en conta que efectos van ter estas tanto no medioambiente, como no colectivo de mulleres e no de persoas novas.

ANEXO III A

INDICADORES DE RESULTADO MEDIDAS 411 412 e 413

MEDIDA	TIPOLOXÍA DO PROXECTO	Nº de proxectos financiados polos GDR	NÚMERO DE BENEFICIARIOS					NÚMERO DE EMPREGOS CREADOS					Axuda pública (miles de €)	Gasto privado (miles de €)
			Sector privado		Sector público	GDR	TOTAL	Homes		Mulleres		TOTAL		
			Particulares	Persoas xurídicas				<30	>30	<30	>30			
411	Proxectos de introdución de novas técnicas de produción													
	Proxectos de recuperación de variedades tradicionais													
	Producións extensivas en áreas medioambientalmente sensíbeis													
	Proxectos de mellora da eficiencia enerxética das explotacións													
	Proxectos de aplicación das TICs nas explotacións													
	Aumento do valor económico dos montes													
	Proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios													
	Proxectos de transformación e comercialización de produtos forestais													
	Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal													
	Outros (especificar)													
TOTAL														
412	Investimentos non produtivos en explotacións agrarias													
	Investimentos non produtivos en espezos forestais													
	Investimentos non produtivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio ambiental en espazos naturais ou no contorno rural													
	Outros (especificar)													
	TOTAL													
413	Transformación e venda de produtos agrarios na explotación													
	Elaboración e venda de produtos artesanais													
	Agroturismo													
	Prestación de servizos á poboación													
	Creación/modernización e/ou traslado de PEMEs													
	Centros de información e sinalización de lugares turísticos													
	Comercialización de servizos turísticos relacionados co turismo rural													
	Servizos básicos para a economía e a poboación rural													
	Plans de protección e xestión das zonas Natura 2000 e de alto valor natural													
	Accións de sensibilización sobre cuestións ambientais													
	Restauración, mellora e posta en valor do patrimonio natural													
	Restauración, mellora e posta en valor do patrimonio cultural													
	Outros (especificar)													
	TOTAL													

O número de empregos creados debe expresarse en valor do equivalente anual. Así por exemplo, o emprego dunha persoa a media xornada durante 1 ano enteiro sería o equivalente a 0,5 empregos xerados. E o emprego dunha persoa a xornada completa durante 4 meses sería o equivalente a unha xeración de 0,33 empregos.

ANEXO III B

INDICADORES DE RESULTADO MEDIDAS 411, 412 e 413

MEDIDA	PARTICULARES				TOTAL
	Homes		Mulleres		
	<25	>25	<25	>25	
411					
412					
413					
TOTAL					

ANEXO III D

INDICADORES DE RESULTADO MEDIDA 431

TIPO DE ACONTECEMENTO	Nº ACCIÓNS BENEFICIARIAS DE AXUDA	GASTO PÚBLICO (€)	
		FEADER	TOTAL
Estudo das zonas afectadas			
Medidas de información sobre a zona e a estratexia de desenvolvemento local			
Formación do persoal adicado á elaboración e aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local			
Actos de promoción			
Outros			
TOTAL			

ANEXO III E

INDICADORES DE RESULTADO FORMACIÓN

MEDIDA RELACIONADA	Nº PARTICIPANTES QUE CONCLUÍRON CON ÉXITO UNHA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN				TOTAL
	Homes		Mulleres		
	<25	>25	<25	>25	
Formación e información dos axentes económicos que desenvolvan as súas actividades					
Adquisición de capacidades e promoción con vistas a preparar e aplicar unha estratexia					
TOTAL					

ANEXO IV

PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013
PLAN FINANCIERO

GDR:

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA							GASTO PÚBLICO FÓRA PROGRAMA	GASTO PRIVADO	GASTO TOTAL	%
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL				
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Productivos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00			0,00	
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non productivos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00			0,00	
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Productivos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00			0,00	
	Non productivos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00			0,00	
	TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
TOTAL ESTRATEXIA	Productivos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
	Non productivos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
	TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
	Promoción	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
	TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
TOTAL PROGRAMA		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
								FEADER	0,00			
								AXE	0,00			
								XUNTA	0,00			

Porcentaxe para Promoción, sobre o total da estratexia (mínimo 4%)

Observacións para elaborar o cadro financeiro:

- 1.- Só cubrir as celdas de cor verde.
- 2.- Na columna "TOTAL", do Gasto Público do Programa inclúense os importes que se solicitan para financiar proxectos dentro da estratexia do GDR. A distribución por anualidades xa se fai automaticamente.
- 3.- Sobre ese TOTAL do Gasto Público da Estratexia tamén se calcula o tope da medida 431. Ao cubrir a casilla de fóra do cadro coa porcentaxe mínima proposta para Promoción (Adquisición de capacidades e Promoción Territorial), xa se fai no cadro a distribución entre Funcionamento e Promoción.
- 4.- Na columna "Gasto público fóra programa" inclúense os importes de natureza pública que cofinancien proxectos, tanto axudas doutro tipo compatibles que consiga o promotor como, no caso de promotores públicos, os importes que eles aporten como fondos propios.
- 5.- Na columna "Gasto privado" inclúense as aportacións que fagan os promotores, sempre que sexan privados, para financiar o seu investimento, como fondos propios, é dicir, o custo do investimento menos a subvención. Para o seu cálculo débese facer unha estimación das porcentaxes medias de axuda que prevé aprobar o GDR, tanto para proxectos productivos coma para os non productivos.
- 6.- Na última columna as porcentaxes calcúlanse automaticamente, por unha banda para determinar a parte dos fondos da estratexia que se destinan a cada unha das medidas 411, 412 e 413, e pola outra que porcentaxe dos fondos se destinan a proxectos productivos e a non productivos. Lémbrese que se establece como orientativo o 25%, o 5% e o 70% respectivamente para as medidas 411, 412 e 413 e o tope máximo do 25% para proxectos non productivos. Poderanse aceptar variacións de até 10 puntos en cada un destes valores sempre que estean suficientemente xustificadas no programa.